

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1310HY	CON/57/2018	04-03-19 10:02

Número 13 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato das "Obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018".

Destinatario

15078DCMG1310HYA



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 01 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

13 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DAS "OBRAS DE MELLORA DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIAIS NA PARROQUIA DE FIGUEIRAS. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+2018".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 21.febreiro.2019, así como do informe da xefe de sección de Intervención, n° 2019/76, de 25.2.19, favorable con observacións, que conta co conforme do interventor.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación Obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1310HY	<i>Expediente</i> CON/57/2018	<i>Fecha</i> 04-03-19 10:02

EXPÓN:

Primeiro: Con data 8 de xaneiro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador MECANO OBRAS Y REFORMAS SL.

Segundo: Con data 21 de febreiro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións das mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL (CIF: B70374376), por un importe de **210.800 euros** (IVE aparte 21%: 44.268 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación de cinco anos do prazo de garantía.

Corresponde a supervisión deste contrato ao servizo municipal de obras e proxectos, que adscribe a este cometido ao xefe de servizo, Antonio Ranedo Santillana.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 93302 63200."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes adxudicar o contrato de "Obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", a favor da empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL (CIF: B70374376), por un importe de 210.800 euros (IVE aparte 21%: 44.268 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I0HY	<i>Expediente</i> CON/57/2018	<i>Fecha</i> 04-03-19 10:02

Así mesmo, comprometer unha ampliación de cinco anos do prazo de garantía.

Corresponde a supervisión deste contrato ao servizo municipal de obras e proxectos, que adscribe a este cometido ao xefe de servizo, don Antonio Ranedo Santillana.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 93302 63200.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:  Xan Xesús Duro Fernández



